

# Centro Galego de Artes da Imaxe



## PROGRAMACIÓN

- ▶ Samuel Fuller (I)
- ▶ Juan Villegas e Celina Murga (I)
- ▶ Marcelo Expósito. Ensaio sobre a nova imaxinación política
- ▶ Fatih Akin (e II)
- ▶ New Hollywood Novos Thrillers (III)

- ▶ Fóra de serie
- ▶ CGAI Júnior

Xoves 7  
20.30 h. **Fatih Akin**  
**CONTRA LA PARED** (2004)  
120'. Subtítulos en castelán.

Venres 8  
18.00 h. **Novos Thrillers**  
**LOS NUEVOS CENTURIONES**  
Richard Fleischer, 1972  
103'. Subtítulos en galego.

20.30 h. **Samuel Fuller**  
**FORTY GUNS** (1957)  
80'. Subtítulos en castelán.

Sábado 9  
18.00 h. **Novos Thrillers**  
**LOS NUEVOS CENTURIONES**  
Richard Fleischer, 1972  
103'. Subtítulos en galego.

20.30 h. **Fatih Akin**  
**CONTRA LA PARED** (2004)  
120'. Subtítulos en castelán.

Luns 11  
20.30 h. **Fóra de serie:**  
**Festival de Cans 2009**  
**O PINTOR DE CEOS**  
(Jorge Morais, 2008)  
**X NADA**  
(Dani de la Torre e Toni Veiga, 2009)  
**THE WEREPIG** (Sam Ortí, 2008)  
**URUGUAY 2030**  
(Rafa de los Arcos, 2009)  
**GONE TO LIVERPOOL**  
(Manolito Portolés, 2009)  
**ES FEO** (Kike Maíllo, 2009)  
**MAKING-OFF CANS 2008**  
(Nacho Taibo, 2009)  
84'. Vídeo. Presentación a cargo de Alfonso Pato, director do Festival de Cans e os directores Dani de la Torre e Toni Veiga. Entrada gratuíta.

Martes 12  
20.30 h. **Samuel Fuller**  
**FORTY GUNS** (1957)  
80'. Subtítulos en castelán.

Mércores 13  
20.30 h. **Marcelo Expósito**  
**LA IMAGINACIÓN RADICAL**  
(CARNAVALES DE RESISTENCIA) (2004)  
FRIVOLIDAD TÁCTICA + RITMOS DE RESISTENCIA  
(Marcelo Expósito e Nuria Vila, 2007)  
99'. Vídeo. Subtítulos en castelán. Entrada gratuíta.

Xoves 14  
20.30 h. **Marcelo Expósito**  
**PRIMERO DE MAYO** (LA CIUDAD-FÁBRICA) (2004)  
61'. Vídeo. Subtítulos en castelán. Presentación a cargo do seu autor; Marcelo Expósito. Entrada gratuíta.

Venres 15  
18.00 h. **Novos Thrillers**  
**LA CONVERSACIÓN**  
Francis Ford Coppola, 1974  
113'. Subtítulos en castelán.

20.30 h. **Marcelo Expósito**  
**NO RECONCILIADOS (NADIE SABE LO QUE UN CUERPO PUEDE)** (2009)  
127'. Vídeo. Presentación a cargo do seu autor. Entrada gratuíta.

Sábado 16  
18.00 h. **CGAI Júnior**  
**BIENVENIDOS A BELLEVILLE**  
Sylvain Chomet, 2003  
80'. Entrada gratuíta.

20.30 h. **Novos Thrillers**  
**LA CONVERSACIÓN**  
Francis Ford Coppola, 1974  
113'. Subtítulos en castelán.

Luns 18  
20.30 h. **Fatih Akin**  
**CRUZANDO LOS PUENTES. LOS SONIDOS DE ESTAMBUL** (2005). 90'. Subtítulos en castelán.

Martes 19  
20.30 h. **Fatih Akin**  
**CRUZANDO LOS PUENTES. LOS SONIDOS DE ESTAMBUL** (2005). 90'. Subtítulos en castelán.

Mércores 20  
20.30 h. **Juan Villegas**  
**RUTAS Y VEREDAS** (1995)  
**2 EN I AUTO** (1998)  
**SÁBADO** (2001)  
86'. Vídeo / Cine.

Xoves 21  
20.30 h. **Juan Villegas**  
**RUTAS Y VEREDAS** (1995)  
**2 EN I AUTO** (1998)  
**SÁBADO** (2001)  
86'. Vídeo / Cine.

Venres 22  
18.00 h. **Novos Thrillers**  
**PELHAM 1,2,3**  
Joseph Sargent, 1974  
104'. Subtítulos en galego.

20.30 h. **Samuel Fuller**  
**VERBOTEN!** (1958)  
94'. Subtítulos en galego.

Sábado 23  
18.00 h. **Samuel Fuller**  
**VERBOTEN!** (1958)  
94'. Subtítulos en galego.

20.30 h. **Novos Thrillers**  
**PELHAM 1,2,3**  
Joseph Sargent, 1974  
104'. Subtítulos en galego.

Luns 25  
20.30 h. **Fatih Akin**  
**AL OTRO LADO** (2007)  
122'. Subtítulos en castelán.

Martes 26  
20.30 h. **Fatih Akin**  
**AL OTRO LADO** (2007)  
122'. Subtítulos en castelán.

Mércores 27  
20.30 h. **Juan Villegas e Celina Murga**  
**UNA TARDE FELIZ**  
(Juan Villegas e Celina Murga, 2002)  
**ANA Y LOS OTROS**  
(Celina Murga, 2003)  
87'. Vídeo / Cine.

Xoves 28  
20.30 h. **Fóra de serie:**  
**Xosé Manuel Bazarra "Sepi"**  
**OS DÍAS DO CAOS** (2001)  
**BERBERECHO** (2001)  
**LOS REYES DEL COLUMPIO** (2004-2009)  
**BERBERECHO II** (2009)  
74'. Cine / Vídeo. Presentación a cargo do seu autor. Entrada gratuíta.



Venres 29  
18.00 h. **Novos Thrillers**  
**LA JUNGLA HUMANA**  
Don Siegel, 1968  
93'. Subtítulos en castelán.

20.30 h. **Fóra de serie**  
**EL SOBRINO DE DON BÚFALO BILL**  
Ramón Barreiro, 1944  
87'. Presentación da publicación do CGAI Ramón Barreiro. *Humor, parodia e modernidade*, coa presenza dun dos seus editores, José Luis Castro de Paz. Entrada gratuíta.

Sábado 30  
18.00 h. **Novos Thrillers**  
**LA JUNGLA HUMANA**  
Don Siegel, 1968  
93'. Subtítulos en castelán.

20.30 h. **Juan Villegas e Celina Murga**  
**UNA TARDE FELIZ**  
(Juan Villegas e Celina Murga, 2002)  
**ANA Y LOS OTROS**  
(Celina Murga, 2003)  
87'. Vídeo / Cine.

## INFORMACIÓN XERAL

Todas as películas proxéctanse en versión orixinal, agás indicación contraria.  
A duración das películas é orientativa e aproximada.  
Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade.  
Unha vez iniciada a sesión non se permitirá a entrada á sala de proxeccións.  
As sesións de Aforo Limitado teñen reservadas un número indeterminado de butacas.  
As sesións sinaladas con  inclúen algún tipo de presentación ou conferencia previa á proxección.  
As sesións sinaladas con  sofren modificacións sobre os horarios habituais.

## PREZO DA ENTRADA

Xeral: 1'20 €  
Carné Xove: 0'60 €  
Abono para 10 sesións: 9 €  
As sesións de Entrada Gratuíta notificaranse no programa.  
A venda de entradas iniciárase 30 minutos antes de comezar a sesión (non se venden entradas por anticipado).  
Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

## SALA DE PROXECCIÓNS

CGAI, Durán Loriga, 10 baixo, 15003 A Coruña  
Tel.: 881 881 270. Fax: 881 881 271  
E-mail: programacion@cgai.org | documentacion@cgai.org  
http://www.cgai.org





#### ▶ SAMUEL FULLER (I):

En colaboración con IVAC-La FilMOTEca de Valencia.

Barroco, expresivo, desmitificador, libre, locuaz, cheo de audacia visual e plétórico de pulso narrativo, Samuel Fuller (1912-1997) comeza a súa traxectoria como director en 1949 con *Balas vengadoras* (1949), un filme onde a elección do tema (o asasinato do célebre pistoleiro Jesse James) e o punto de vista (a perspectiva do seu asasino, Bob Ford) xa prefiguran o carácter insólito e a procura de relatos atípicos que marcan a súa carreira, un percorrido que remata corenta anos despois con *Calle sin retorno* (1989).

Máis de dez anos despois da súa morte, Fuller permanece como un cineasta de primeira orde, un narrador nato dono dunha produtiva imaxinación que incluso o levaría a asesorar a xentes como Bogdanovich ou Wenders, ou influír en importantes directores (de Godard a Scorsese e Tarantino). Lonxe quedan os tempos nos que permanecía como un autor infravalorado, demasiadas veces acusado de maniqueo e sensacionalista (Fuller fora de mozo un inspirado reporteiro de sucesos) e de realizar títulos desiguais, así como de ter un discurso ambivalente. Creador de set piéces memorables en todas as súas películas –por iso nungha ten desperdicio-, dialoguista xenial, Fuller xunta palabra e sentido da imaxe a través de 23 títulos, westerns, filmes bélicos, policías, algúns deles tan coñecidos como *Manos peligrosas* (1953), *Yuma* (1957), *Corredor sin retorno* (1963), *Una luz en el hampa* (1964) e *Uno Rojo, división de choque* (1980) e outros, menos coñecidos, pero inscritos na Historia do cinema como *Forty guns* (1957) –o título co que premeditadamente abrimos esta completa retrospectiva-, *The Grimson Kimono* (1959), *Underworld USA* (1960) ou *Perro blanco* (1981), o incisivo e antirracista relato que fixo, froito da incomprensión cara á súa obra, que abandonase os Estados Unidos e lles dese forma aos seus últimos traballos en Europa, lugar onde o cine de Fuller recibira unha xusta valoración. O ciclo segue nos vindeiros meses.

#### FORTY GUNS

Sam Fuller, 1957. Con Barbara Stanwyck, Barry Sullivan, Dean Jagger. 80´. O shériff Griff Bonell chega a Tombstone con dous irmáns seus para acabar cunha banda de foraxidos que dirixe Jessica Drummond. Delirio, frenesí, furia, un dos gozosos crescendos (rodado en Scope) que compendia os recursos expresivos do cine de Fuller: angulacións de cámara que xerarquizan aos personaxes, desenfoques expresivos, mirada subxectiva, panorámicas e *travellings* que elevan dramáticamente unha escena. Unha estimulante revisión dos mecanismos xenéricos tradicionais, permite a Fuller, influído polo seu mestre John Ford, reescribir iconografía, personaxes e espazos.

#### VERBOTEN!

Sam Fuller, 1958. Con James Best, Susan Cummings. 94´.

Un xarxento estadounidense ferido durante un combate da II Guerra Mundial, David, é axudado por Helga, unha moza alemá antinazi. Rematada a guerra, David quede a vivir en Alemaña e casa con Helga, mais mozos pronazis créanlle dificultades ao novo goberno, entre eles, Franz, irmá de Helga. Un dos escasos filmes sobre a ocupación norteamericana na Alemaña posterior ao nazismo. Inventiva visual, uso de partituras do querido Beethoven, ritmo dinámico e seco, outra mostra da orixinalidade, atractivo e capacidade de síntese e suxestión do cine de Fuller.

Agradecementos: Cooper Films, Eduard Ferrer, British Film Institute (Reino Unido), Andrew Youdell.

#### ▶ MARCELO EXPÓSITO. ENSAIOS SOBRE A NOVA IMAXINACIÓN POLÍTICA:

Figura esencial da combinación moderna do activista, artista e investigador, Marcelo Expósito (Puertollano, 1966) expande a súa práctica cara ao ámbito da teoría crítica, o traballo editorial, o comisariado, a docencia e a tradución. Residente na actualidade en Barcelona e Bos Aires, é profesor no programa de estudos do MACBA, na Universidad de Castilla-La Mancha e na Universitat Pompeu Fabra. Membro da Universidad Nómada, integrante dos colectivos editoriais das revistas online *transversal* e *desbordes*, tamén contribúe á fundación e edición da revista *brumaria* (2002-2006). Na súa proteica traxectoria aparece como autor e editor de valiosas e pioneiras monografías sobre Chris Marker e Pere Portabella, ademais de traballos videográficos que constatan as súas experiencias sociopolíticas e culturais. Expósito presenta no CGAI a serie de traballos *Entre soños. Ensaios sobre a nova imaxinación política*, unha proposta por entregas vixia que aparece como unha excelente síntese das súas preocupacións e metodoloxías de traballo.

“*Entre soños* é unha serie de traballos que comezou a proxectarse no ano 2002 e atopou a súa primeira materialización en dous vídeos realizados no ano 2004. A súa declaración de intencións inicial constitúe unha constante durante toda a traxectoria do proxecto: “unha serie dedicada a retratar o ascenso do movemento global e os novos movementos sociais metropolitanos, sobre o pano de fondo das actuais transformacións urbanas e as representacións arquetípicas e históricas da cidade moderna”. O obxectivo que se trabaza ocultamente nun primeiro momento era, en realidade, algo máis pragmático: tratábase de elaborar representacións dos acontecementos, procesos, modos de acción, etc., característicos da experiencia que entón chamabamos movemento global ou movemento de movementos. *Entre soños* procuraba orixinalmente atopar a distancia e o punto de vista xustos, adecuados, á hora de promover *representacións* das novas formas de politización características do actual ciclo de protesta. Partíase dunha hipótese sobre a posibilidade de elaborar representacións das actuais formas de acción política que non se producisen desde un distanciamento meramente descritivo. Tratábase de pensar simultaneamente a representación da acción política e a política das súas representacións; a dimensión pública da súa política do acontecemento e os seus procesos internos de subxectación; o carácter das súas innovacións e os seus enraizamentos históricos; a política das súas formas de expresividade e a estética das súas formas de acción. Un punto de vista participante, no que a representación se formula non xa como un reflexo descritivo, senón máis ben como outra forma de contribuír aos procesos de modelación política e subxectiva dos movementos, á multiplicación das súas ferramentas e formas de expresión. Cando a serie comezou a elaborarse, o *décalage* temporal parecía ser o adecuado: apenas pasaran catro anos desde que se producira o acontecemento Seattle (protestas contra o cume da Organización Mundial do Comercio), tres desde Praga (contra o encontro anual do FMI e o Banco Mundial) e dous desde Barcelona (cancelación do seminario do Banco Mundial previsto na cidade). O proxecto da serie permitía pensar ese ciclo político nun punto intermedio entre o tempo real e a distancia temporal; tratábase de someter a consideración a complexidade dos novos procesos de politización, por un lado, sen verse sometidos á urxencia da acción directa, pero tamén, por outro, sen enfocalos como acontecementos proxectados cara a atrás na historia. O transcurso do tempo e o encontro con novas realidades obriga a ir reaxustando as intencións iniciais. É complexo —seguramente xa imposible— falar neste momento de algo tan centrado como “un” movemento de movementos sen engadir moitas matizacións. A finais de 2009 cumprense nada menos que dez anos do acontecemento Seattle: o breve e intensísimo arco de contracamus comprendido entre entón e o drama de Xénova en 2001 (protestas contra o encontro mundial do G-8, saldadas co experimento de produción controlada e a escala reducida dunha guerra social por parte das autoridades e as forzas de seguridade) viuse acompañado nese mesmo ano pola destrución das Torres Xemelgas de Nova York e a explosión social do 19 e 20 de decembro na Arxentina, cando as receitas neoliberalis aplicadas rigorosamente durante anos lle amosaron a todo o planeta o colapso da economía dunha nación e a virtual desaparición do mando exercido polas súas estruturas de poder económico e político. Coa finalización do cuarto capítulo da serie, o título xeral amplíouse cun subtítulo: *Ensaios sobre a nova imaxinación política*, o cal dá conta do carácter máis amplo das súas hipóteses e formulacións actuais”.

Marcelo Expósito

#### LA IMAGINACIÓN RADICAL (CARNAVALES DE RESISTENCIA)

Marcelo Expósito, 2004. Documental. 60´.

Segunda entrega da serie, na que Expósito recupera a experiencia do colectivo *Reclaim the Streets*, estandarte na construción das novas formas de facer política nos anos noventa mediante as súas ocupacións radicais e creativas do espazo “público” de Londres e outras cidades británicas. Crétrase na ocupación e paralización da City, o centro financeiro de Londres, acción central da Xornada de Acción Global contra o Capital que tivo lugar en xuño de 1999. A irrupción política carnavalesca característica das *street-parties* de *Reclaim the Streets* prefigura as posteriores formas da protesta anticapitalista do movemento global. O vídeo expón este problema formal: a representación dun tipo de protesta multifocal que racha cos modelos clásicos de manifestación. Faino mediante fragmentacións de pantalla e formas de narración non lineal que xuntan -nunha montaxe de bloques narrativos semiautónomos- entrevistas, músicas (Gould, Schönberg, sons electrónicos), textos (Baĭtin, *Notes from Nowhere*) e diversos materiais de arquivo (do cine á pintura).

#### FRIVOLIDAD TÁCTICA + RITMOS DE RESISTENCIA

Marcelo Expósito e Nuria Vila, 2007. Documental. 39´.

En setembro do ano 2000, varios miles de persoas reuníronse en Praga para contrarrestar un cume do Banco Mundial e o FMI: o ronsel de Seattle alcanzou Europa, logrando interromper o encontro dos líderes mundiais e marcando unha fita no ciclo dos contracamus do chamado movemento antiglobalización. As formas de protesta denominadas «frivolidade táctica» racharon o cordón policial de protección do centro internacional de congresos e facilitaron a explosión do movemento global. Orxinados coa intención de desbaratar as tácticas de confrontación clásicas do enfrontamento coa policía, incluíndo o uso irónico de representacións «feminas» do corpo en acción, a música e o baile son básicos nesta redefinición radical da protesta de rúa que dá expresividade ao desexo de cambio na protesta.

#### PRIMERO DE MAYO (LA CIUDAD-FÁBRICA)

Marcelo Expósito, 2004. Documental. 61´.

O primeiro traballo da serie “Entre soños” artella primeiro un diálogo coa maneira na que o pensador Paolo Virno utiliza a metáfora do virtuosismo para representar a condición das actuais formas de traballo e da nova acción política. Expósito explora as pisadas do tránsito do fordismo ao posfordismo, a substitución do proletariado industrial por un confuso precariado social, apoiándose no caso da planta histórica da Fiat en Turín (Lingotto), xigantesco centro multifuncional. O reverso destas novas formas de explotación protagonizao a experiencia do colectivo milanés Chainworkers, centrado na autoorganización, a acción directa comunicativa e a reformulación do Primeiro de Maio (o MayDay), ferramentas clave da subversión do espazo metropolitano. Construído en bloques narrativos semiautónomos, baséase na montaxe de materiais diversos (arquivos cinematográficos, textos, entrevistas e músicas que van de Bach a Glenn Gould). Entre a tradición das sinfonías urbanas, o documental político moderno, o clip e o *agit-prop*, ofrece unha visión completa das transformacións contemporáneas e as formas de conflito que nos deparan.

#### NO RECONCILIADOS (NADIE SABE LO QUE UN CUERPO PUEDE)

Marcelo Expósito, 2009. Documental. 127´.

Filmada en Arxentina entre 2005 e 2008, é, de momento, o último traballo da serie *Entre soños*. Versión libre da obra teatral *Máquina Hamlet* do dramaturgo alemán Heiner Müller; ordenada en cinco actos, percorre momentos nos que, no contexto arxentino, ferramentas derivadas da tradición das vangardas estéticas son postas ao servizo da construción do movemento social, facendo escalas no “siluetazo” nos anos oitenta, e na participación de colectivos de arte política (Arte en la Calle, Grupo de Arte Callejero, Colectivo Etcétera) no ámbito dos novos movementos polos dereitos humanos e na práctica dos *esraches*, desde mediados dos noventa. Montada por Oriol Sánchez, pola súa riqueza e complexidade discursiva, desfilan declaracións contundentes (o torturador Scilingo, o colectivo H.I.J.O.S.), textos dalgúns dos pais da disidencia moderna (Deleuze, Guattari, Lazzarato, Raunig) e da literatura de sempre (Shakespeare, Kafka), ao tempo que Expósito recupera imaxes de filmes de Celestino Coronado, Kosintsev ou Martín Rejtman e de accións directas (inesquecible unha visita multitudinaria ao domicilio do ditador Videla) e amosa concomitancias exemplares coa situación presente doutros lugares.

Agradecementos: Marcelo Expósito, La Hamaca, Eli Lloveras, José Ángel Brandariz.

#### ▶ JUAN VILLEGAS E CELINA MURGA (I):

Coñecido redactor da excelente publicación especializada arxentina *El amante*, Juan Villegas (Bos Aires, 1971), é autor de dúas longametraxes e varias curtas. Villegas escribiu tamén con Rodrigo Moscoso o guión de *Modelo 73* (2001). Logo de varias curtas, o gusto pola comedia agrídoce chea de potentes referencias lévaa a dirixir *Sábado* (2001), que obtén varios premios. Ao ano seguinte codirixe xunto a outra protagonista deste ciclo, Celina Murga, a curta *Una tarde feliz* (2002). *Los suicidas* (2005), adaptación da novela homónima de Antonio Di Benedetto, certifica o seu talento. Celina Murga (Paraná, 1973), docente, guionista, colaboradora de Scorsese grazas a unha bolsa de mecenado (Rolex) por un ano que lle permitiu colaborar na aínda inédita *Shutter Island*, foi axudante de dirección en *Sábado*. A súa primeira longametraxe, *Ana y los otros* (2003), recibe gran cantidade de boas críticas e premios. A segunda, *Una semana sola* (2007) estreouse no BAFFICI e foi obxecto de distincións internacionais. Producións austeras e carentes de todo proselitismo, Murga prepara a súa terceira longa, *La tercera orilla del río*, xurdida dunha noticia sobre un parricidio cometido no seu país. O ciclo dedicado a estes dous directores arxentinos xoves segue no mes de febreiro.

#### RUTAS Y VEREDAS

Juan Villegas, 1995. Con Mima Suárez, Gerardo Young. 7´.

A primeira curtametraxe de Villegas expresa mediante discontinuidade temporal unha crónica melancólica do xurdimento e disolución dunha parella.

#### 2 EN 1 AUTO

Juan Villegas, 1998. Con Leonardo Murúa, Camila Toker. 7´.

Unha longa discusión de parella amosa o proverbial gusto do autor polos diálogos circulares e dinámicos (herdanza do seu querido Rohmer) e certa preferencia por amosar unha lixeira fatalidade nas relacións amorosas.

#### SÁBADO

Juan Villegas, 2001. Con Gastón Pauls, Daniel Hendlir. 72´.

Ópera prima de Juan Villegas, onde narra os encontros e desencantos de tres parellas novas, entrecidias cun par de choques e un personaxe famoso como o actor Gastón Pauls (que fai de si mesmo) durante un sábado e a mañá do día seguinte. Depurada, eludindo a convención plano/contraplano, un filme ategado de planos abertos que exhiben un espazo acotado, exclusivo da película, ao extremo de que os protagonistas camiñan por un Bos Aires cuase descoñecido, lonxe de todo pintoresquismo ou realismo cru. Chea de diálogos hilarantes, polo seu corpus desfila un suxestivo e ben aproveitado catálogo de influencias (da *Nouvelle Vague* ás *sitcoms* norteamericanas). Premiada en Róterdam.

#### UNA TARDE FELIZ

Juan Villegas e Celina Murga, 2002. Con Camila Toker;Tamae Garateguy. 7´.

Tres amigas e unha cadela deciden encontrarse nunha praza para pasar a tarde. Dúas delas cren que a outra está de aniversario e deciden comprarlle uns agasallos, pero todo se converte nunha suma de malentendidos. Non hai tal aniversario e os agasallos que lle decidiron facer son exactamente iguais.

#### ANA Y LOS OTROS

Celina Murga, 2003. Con Camilla Toker; Ignacio Uslenghi. 80´.

A primeira longametraxe de Murga foi premiada en BAFFICI, Tsalónica,Venecia e a Viennale. Ana volve ao seu Paraná natal logo de dez anos en Bos Aires. O motivo, a reunión de antigos graduados de instituto, dos cales Ana desconectara. A posibilidade de recuperar un antigo amor, Mariano, e a aparición de múltiples personaxes van perfilando unha sorte de suspensión temporal retratada con planos depurados e longos nun relato de procura elaborado de maneira farto sutil. Unha trama que xurdiu, en verbas de Celina Murga, “por unha necesidade de contar a relación coa cidade onde naciches e a tensión entre o que es e o que fuches”.

Agradecementos: Juan Villegas, Celina Murga, Teresa Toledo, Casa de América.

#### ▶ NEW HOLLYWOOD NOVOS THRILLERS (III):

En colaboración con Donostia Kultura e IVAC-La FilMOTEca de Valencia.

#### THE NEW CENTURIOSN / LOS NUEVOS CENTURIONES

Richard Fleischer; 1972. Con George C. Scott, Stacy Keach, Jane Alexander; Scott Wilson. 103´.

Un veterano policía encárgase de adestrar a un grupo de novatos. Un deles fíxose axente para pagar os seus estudos de Dereito, pero pouco a pouco comprende que nunca logrará graduarse. Un día féreo gravemente. Un Richard Fleischer en plena madurez creativa (anos nos que tamén filma *El estrangulador de Boston*, *El estrangulador de Rillington Place*, *Cuando el destino nos alcance* ou *Mandingo*) analiza con realismo a enorme contradición da figura do policía, dividido entre o sentido do deber; os evidentes problemas sociais que é incapaz de resolver e a súa identidade, diluída e progresivamente embrutecida. Magnífico reparto con Scott e Keach no seu apoxeo.

#### THE CONVERSATION / LA CONVERSACIÓN

Francis Ford Coppola, 1974. Con Gene Hackman, John Cazale, Allen Garfield. 113´. Harry Caul é un home tímido e solitario, coñecido como reputado técnico de seguridade privada. Os seus métodos de espionaxe permanecen en segredo. Harry, non obstante, garda un trauma debido a un incidente laboral do pasado, que lles causou a morte a tres persoas. Cando o director dunha grande empresa o contrata para a gravación aparentemente inofensiva de dous dos seus empregados, Harry Caul ten indicios de que o feito fatal se pode volver repetir. Un *thriller* mítico, intenso e minucioso, máis preto de Antonioni que do *thriller* clásico, que gañou a Palma de Ouro en Cannes, permanece como un dos grandes (e menos coñecidos) títulos de Coppola e integra un elenco espléndido que inclúe a Frederic Forrest, Harrison Ford e Robert Duvall.

**THE TAKING OF PELHAM ONE TWO THREE / PELHAM UNO, DOS, TRES** Joseph Sargent, 1974. Con Walter Matthau, Robert Shaw, Martin Balsam, Hector Elizondo. 104´.

Un delincuente armado secuestra un tren no metro de Nova York, ameazando con matar a un refén cada minuto se non lle fan entrega dun millón de dólares. Un policía debe entretelo con perspicacia ata que a situación se poida resolver: Áxil relato de suspense construído nun hábil crescendo polo que destaca o eficaz dueto interpretativo Matthau-Shaw. A película tivo unha nova versión estreada hai uns meses.

#### COOGAN’S BLUFF / LA JUNGLA HUMANA

Don Siegel, 1968. Con Clint Eastwood, Lee J. Cobb, Susan Clark. 93´.

Un shériff de Arizona chega ata Nova York perseguindo a un penigoso asasino que escapou da súa xurisdición. Acostumado a empregar métodos máis propios dun vaqueiro que dun policía, choca contra os sistemas que empregan os axentes na gran cidade. Don Siegel, mestre de Eastwood, prefigura o policía sádico de *Harry, el sucio* (1971), indo ás orixes da violencia nos Estados Unidos. Aparición do hoxe esquecido Don Stroud.

Agradecementos: Sony Pictures (Estados Unidos), Emilio Palos Castromán, Park Circus (Reino Unido), Nick Varley, Hollywood Classics (Reino Unido), Geraldine Higgins, Diafragma, Pablo Blanco, Cooper Films, Eduard Ferrer.

#### ▶ FATIH AKIN (E II):

En colaboración co Festival Internacional de Cine de Gijón, FilMOTEca de Cantabria e IVAC-La FilMOTEca de Valencia.

#### GEGEN DIE WAND / CONTRA LA PARED

Fatih Akin, 2004. Con Birol Ünel, Sibel Kekilli. 120´.

Cahit é un autodestruutivo crápula da noite de Hamburgo, alcohólico e de tendencias suicidas, que, tras estrelarse en coche contra unha parede, recala nunha clínica psiquiátrica. Alí coñece a Sibel, unha moza de orixe turca que intentou o suicidio como vía de escape ao conservador ambiente da casa familiar. Sibel desexa vivir a vida con intensidade e propónlle a Cahit un matrimonio de conveniencia. Este acepta, mais o que parecía en principio unha relación de compañeiros de piso acaba complicándose, marcando para sempre a vida de ambos. Filmada con luz natural, axeitada música e un guiño medido, Fatih Akin obtén un enorme éxito e recoñecemento, incluíndo o Oso de Ouro á mellor película e o premio ao mellor director no Festival de Berlín 2004.

**CROSSING THE BRIDGE:THE SOUNDS OF ISTANBUL / CRUZANDO EL PUENTE: LOS SONIDOS DE ESTAMBUL** Fatih Akin, 2005. Documental. 90´.

O compositor e músico Alexander Hacke propuxo capturar, cun estudio móbil de gravación, a diversidade musical de Istambul co intención de dala a coñecer en Occidente. O cineasta alemán de orixe turca Fatih Akin, logo do demoledor éxito de *Contra la pared* (2004), acompañao neste sorprendente penlo e investigación nas raíces dunha robusta escena musical, que vai dos sons electrónicos máis modernos, pasando polo rock e o hip-hop, ata os ritmos árabes máis clásicos.

#### AUF DER ANDEREN SEITE / AL OTRO LADO

Fatih Akin, 2007. Con Nurgül Yeşilçay, Baki Davrak, Hanna Schygulla. 122´. Nejat non aproba que Alí, seu pai viúvo, refíxese a súa vida ao lado de Yeter, de profesión prostituta. O que non sabe é que Yeter se prostitúe para pagar os estudos universitarios da súa filla Ayten en Turquía. Cando o sabe, Nejat viaxa a Istambul en busca de Ayten (que é activista política), pero cando chega, xa non está alí: foise a Alemaña fuxindo da policía turca. Mentres tanto, en Alemaña, Ayten queda na casa de Lotte, unha moza alemá coa que iniciará unha complexa

relación. A película máis política de Fatih Akin. Gran triunfadora dos Premios do Cine Alemán de 2008, tamén obtivo os galardóns ao mellor guión e guionista en Cannes.

#### ▶ FÓRA DE SERIE:

Nova aproximación a un dos festivais máis exitosos de todos os celebrados en territorio galego, Cans. Un resumo dos premiados nesta última edición permite ver varias das curtas con máis premios do ano, así como un par de videoclips e o making-off da edición 2008. A sesión do mes consagrada a un autor galego achega a presenza e o universo fílmico corrosivo e lúcido de Xosé Manuel Bazzara “Sepi”. Presentamos a última publicación do CGAI, *Ramón Barreiro. Humor, parodia e modernidade*, editada polos profesores José Luis Castro de Paz e Xaime Fandiño, coa proxección engadida de *El sobrino de Don Búfalo Bill* (1944). Ramón Barreiro (1906-1981), singular fotógrafo, novelista, poeta, xornalista, home de radio, cineasta e realizador de TVE, é firmante de varios, en verbas de Castro de Paz, “excéntricos, anarquizantes e *informais*” filmes na década dos 40 do século pasado. Xunto á película proxectada, *El otro Fu-Man-Chú* (1946), *El pirata Bocanegra* (1946-49), *Póker de Ases* (1947) e *Potato, Boliche y compañía* (1948) conforman unha sucesión de comedias autorreflexivas, parodias metanarrativas que subvirten varios dos xéneros clásicos, exemplares únicos do humor do absurdo e do cultivo do anacronismo intelixente, vías todas extremadamente inusuais no cinema español e universal.

#### O PINTOR DE CEOS

Jorge Morais, 2008. 25´.

Un manifeiro perde a súa familia nunha noite de treboada. Desolado pola dor, reconstrúe a súa vida apoiado na pintura, co desexo de vingar a morte dos seres queridos. Ordinalles aos magos e arquitectos da época que constrúan unha casa coa cheminea máis máxica do mundo que lle permita plasmar o ceo todo. Unha noite fortuita, o pintor, nun arrebatado desesperado encontra no seu diario algo que chama a súa atención e que lle indica o camiño para conseguir o seu desexo. Animación en 3D, produto dun espectacular empeño unipersoal. Premio Mestre Mateo e premio do Xurado en Cans.

#### X NADA

Dani de la Torre e Toni Veiga, 2009. Con Carlos Fernández, Miguel García. 14´. Roi e os seus colegas practican un xogo moi especial, unha forma de divertirse peculiar e bastante violenta. Este macabro xogo uníraos para sempre a Dani, que tivo a mala sorte de estar no momento e lugar equivocados. Premio do Xurado en Cans e preseleccionada para os premios Goya.

#### THE WEREPIG

Sam Ortí, 2008. 12´.

Nunha viaxe pola xeografía galega, dous adolescentes americanos gozan ao seu xeito, sen respectar o que os rodea. A súa impertinencia ante ás tradicións da zona, levaraos a unha casa de embudidos rexentada por dous anciáns onde, moi ao seu pesar, acabarán formando parte activa da tradición... Primeiro premio en Animadrid 2008, preseleccionada para os Goya e premio do Público en Cans.

#### URUGUAY 2030

Rafa de los Arcos, 2009. Con Edgar Blanco, Henar Jiménez. 9´. Comedia con triángulo de amor preadolescente que sitúa a unha rapaza no vértice principal. Premios de interpretación e do público en Cans.

#### GONETO LIVERPOOL

Manolito Portolés, 2009. 4´.

Videoclip sobre a formación *Niño y Pistola*, dirixido por un membro do grupo. Premio do Xurado en Cans.

#### ES FEO

Kike Maillo, 2009. 3´.

Videoclip sobre a formación *Manos de Topo*. Premio do Público.

#### MAKING-OFF CANS 2008

Nacho Taibo, 2009. 17´.

Making-off da edición anterior; a peza abriu a última edición do festival. Seguimento do día a día do certame, un reflexo da filosofía de Cans. Aparecen músicos, directores, produtores e actores coñecidos: de Tony Lomba a Nacho Vigalondo, pasando por Juanma Bajo Ulloa, Miguel Costas ou Jesús Ordovás.

#### OS DÍAS DO CAOS

Xosé Manuel Bazzara «Sepi», 2001. Con Carlos Villa, Tomás Ahola. 24´.

Retrata o desencanto e a desidia da mocidade e as dificultades que atopa un mozo con talento «nun ambiente decadente do que non é capaz de saír». A vida de Andrés, un contador de historias condenado, que pretende saír do mundo sórdido e decadente no que está metido. Aínda que, por outro lado, busca sentirse aceptado polo grupo de lacazáns e delincentes ao que pertence.

#### BEBBERECHO

Xosé Manuel Bazzara «Sepi», 2001. Con Carlos Villa, Sepi, Ramiro Ledo. 12´. Un home inadaptdo senta nun bar a reflexionar sobre a vida e sobre os parroquiaños do bar. O bar non é outro que o *Berbercho*, situado nunhas galerías do ensanche compostelán. Estivo nomeada á mellor curtametraxe nos Mestre Mateo 2002.

#### LOS REYES DEL COLUMPIO

Xosé Manuel Bazzara «Sepi», 2004-2009. Con Xosé Manuel Bazzara, Marta Larralde, Carlos Villa. 19´.

Dous «colgados» atópanse no supermercado e andan de badanas todo o día. A medida que vai pasando o día vese reflectida a desidia na que viven os personaxes. Unha *road movie underground* decida a visión desencantada dos seus protagonistas. Derradeiro capítulo da Triloxía do Perdedor. Aparicións de César Goldi e Comba Campoy.

#### BEBBERECHO II

Xosé Manuel Bazzara «Sepi», 2009. Con Carlos Villa, Sepi, Anita Bajan. 19´. Secuela do *Berbercho*. Dez anos despois, o personaxe ten unha sociopatía máis brutal e unha visión cáustica da vida. Un retrato sociolóxico do século XXI desde o prisma nihilista do protagonista sazonado con apuntamentos ácidos.

#### EL SOBRINO DE DON BÚFALO BILL

Ramón Barreiro, 1944. Con Carlos Muñoz, José Jaspe, Rosita Yarza. 87´. Castor Bill, sobriño do mítico Buffalo Bill, traballa nun banco e quere casar coa filla do director; Mariana. O temido bandido Barbacastaña terroriza o lugar. Castor, coñecedor da recompensa (15.000 dólares) que ofrecen pola súa captura, decídese a perseguilo. Subtitulada “Película informal do Oeste”. O primeiro *western* zarzuleiro da Historia é a ópera prima do seu director, un híbrido lúcido de elementos que non elude alusións á realidade cotiá da posguerra española.

Agradecementos: José Luis Castro de Paz, familia Barreiro, Xaime Fandiño, Alfonso Pato, Xosé Manuel Bazzara “Sepi”, Xurxo González, Jesús Blanco.

#### ▶ CGAI JÚNIOR:

Na tentativa de outorgarlles aos máis pequenos un mundo cheo de experiencias e sensacións enriquecedoras, este mes proxectamos *Bienvenidos a Belleville* (2003) de Sylvain Chomet, recomendada para nenos a partir de 11 anos. Nun momento onde as imaxes posúen un enorme protagonismo e os rapaces achéganse maioritariamente a elas a través de ámbitos como a televisión, internet ou os videoxogos, propónnese outros camiños que poidan revelar novas emocións ao tempo que o pracer de compartilas con outros novos espectadores na mesma sala: achegarse ao cine no cine. A través da súa diversidade, de narracións divertidas, serias ou emocionantes os rapaces descubren momentos da nosa historia, inclíanse na lectura das imaxes, viaxan por outros horizontes, divírtense... e aman o cinel! Con cada película entregarase unha ficha didáctica para realizar no ámbito familiar. A entrada é grauíta.

#### BIENVENIDOS A BELLEVILLE / LES TRIPLETTES DE BELLEVILLE

Sylvain Chomet, 2003. 80´.

Champion é un neno solitario que soña con participar algún día na carreira ciclista máis famosa, o Tour de Francia. Coa axuda da súa avoa, Madame Souza, e o seu can Bruno, adestra para estar preparado. Cando chega ese día, dous misteriosos homes raptan a Champion na carreira. Madame Souza e Bruno cruzan o océano ata a enorme cidade de Belleville para intentar rescatalo. Alí coñecen a tres famosas estrelas do *music-hall* dos anos 30, as “Trixemelgas de Belleville”, que lles axudarán na loita contra a mafia que retén a Champion. Película singular que, sen apenas diálogos, a través do expresionismo dos debuxos e o emprego da banda sonora, rende homenaxe ao cine (Chaplin, Keaton, Tati, Max Fleischer...) e á música (personaxes que evocan a Josephine Baker; Fred Astaire; Glenn Gould ou Django Reinhardt). Aclamada pola crítica, foi presentada en Cannes 2003 e nomeada aos Óscar 2004 (película de animación, canción orixinal).